

Desde a honradez

Para aforrarmos psiquiatra

DORINDA CASTRO SOLIÑO

Cóntanos Xavier Queipo, en *Cartas marcadas*, que na escola aprendeu que para escoller un libro dos andeis dunha librería tiña que fuxir de tres engados: a cuberta, o que relate a contrapapa e o que digan as críticas. Con esta prevención, presentamos o seu traballo que é froito da colaboración periódica do autor no portal culturagalega.org do Consello da Cultura Galega. O volume recolle, en versión impresa agora, os artigos que en versión electrónica chegaban ao correo de Santi Montes, (produtor do portal e autor do prólogo), desde Bruxelas, lugar de residencia do autor e que foron escritos durante os anos 2007 e 2008.

Son, pois, cartas porque así foron concibidas en principio e son “marcadas” por levaren unha marca referida ao seu tema: a experiencia da literatura. En tres capítulos “ler”, “escribir”, “outras experiencias” e unha addenda, Xavier Queipo vai de-

bullando as súas reflexións como lector e como escritor, desde as súas primeiras lecturas infantís e xuvenís, o seu xeito de achegarse aos textos e ao folio en branco, as influencias e gustos literarios e a súa convición de que somos o que somos en grande medida polo que temos lido.

Por non caer no erro que o mesmo Queipo lle achaca á crítica, diremos que é un libro que nos gusta precisamente pola honradez e porque, lectoras como somos dese tempo seu, compartimos experiencias, lectura, aventuras e desventuras e que posiblemente froito diso, compartimos opinións,

gustos, e dúbidas: a que sabería o ditoso pastel de xenxibre dos Cinco?, e outras dúbidas de máis calibre que, se cadra, disimulamos a través das citas, porque Queipo confesa sen máis pretensións, que a escrita é un exercicio para aforrar psiquiatra, saír do escuro e seguir sendo feliz e diferente, e porque nos confesa tamén que unha das grandes decepcións súas, e tristezas nosas, foi coñecer o índice de lectura da sociedade. Aínda hai quen, coma el, non pode vivir sen os libros, porque non se pode entender o mundo senon, nin o externo nin o interno, porque nos preocupa que os adolescentes amen a literatura. Gústanos tamén o distanciamento, a retransca, as chiscadelas das que o autor fai gala, sen ir máis lonxe, este exemplo tirado da introdución: “malia ser galego non nacín para ser flaxelado por gusto”.

QUEIPO, Xavier, *Cartas marcadas*, Ed. Galaxia, Vigo, 2010, PVP 19 €

